



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 7/2023,
DO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo as 11 horas e 2 minutos do mércores día 30 de agosto de 2023, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 25 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, Dna. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D ^a . Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión en calidade de secretaria da Corporación D^a. Patricia Alvarellos Leis.

A continuación, procédese ao obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

1. Actas anteriores:

- Núm. 5/2023 de 7 de xullo de 2023
- Núm. 6/2023 de 14 de xullo de 2023 (sesión constitutiva da Corporación)

- 2. Proposta sobre determinación de cargos corporativos con dedicación exclusiva ou parcial e retribucións.**
- 3. Proposta sobre periodicidade das sesións da Xunta Veciñal.**
- 4. Proposta sobre indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación ás sesións da Xunta Veciñal.**
- 5. Proposta sobre creación, composición e funcionamento da Comisión Especial de Contas.**
- 6. Dar conta dos Grupos Políticos constituídos.**
- 7. Dar conta das resolucións da Alcaldía-Pedanía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde e delegacións de Alcaldía-Pedanía.**

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.



Entidade Local Menor de Bembrive

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Actas anteriores:

- Núm. 5/2023 de 7 de xullo de 2023

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade.

- Núm. 6/2023 de 14 de xullo de 2023 (sesión constitutiva da Corporación)

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, pide a palabra o vocal Eduardo Vila Pereira para poñer de manifesto que hai un erro na páxina 2 ao facer referencia como alcalde-pedáneo a Marcos Castro González.

Manifesta a Secretaria-Interventora que efectivamente trátase dun erro e declárase aprobada por unanimidade coa modificación mencionada.

2. Proposta sobre determinación de cargos corporativos con dedicación exclusiva ou parcial e retribucións.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data vinte e cinco de agosto do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“Marco normativo:

Visto o distinto grao de responsabilidade que conleva o desempeño dos distintos cargos da Entidade Local Menor de Bembrive, con base no establecido nos artigos 75 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e disposición adicional vixésima sétima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido con data 25.08.2023, esta Alcaldía-Pedanía, en uso das facultades que lle confire o artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais – ROF -, elévase á Xunta Veciñal, a seguinte



Entidade Local Menor de Bembrive

Proposta:

DETERMINACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL OU RETRIBUCIÓNS:

1.- Dedicación exclusiva:

Titular da vocalía delegada do servizo de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 29.513,24 €.

2.- Dedicación parcial:

2.1.- Titular da Alcaldía-Pedanía: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 15.276,44 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

2.2.- Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 12.368,08 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

Esta Xunta Veciñal, considera que as dedicacións parciais e exclusiva que propoñemos xustifícanse da seguinte forma:

As dedicacións parciais da Alcaldía Pedanía e a titular da Vocalía de Educación, Igualdade, Xuventude, Turismo e Benestar Social, que tamén vai ser a Tenente de Alcaldía, van ter un réxime de dedicación parcial de media xornada, en funcións locais, que poderán ser distribuídas conforme o considere oportuno a persoa afectada, atendendo as súas circunstancias persoais e persoais:

- *Distribuindo as horas en xornada de mañán e/ou tarde.*
- *Acumulando as horas como considere oportuno, respetando o cómputo total.*

Consideramos que esta é a mellor forma para atender na súa totalidade as necesidades veciñais, colectivos parroquiais, manter as reunións necesarias para as negociacións co Concello de Vigo e demais institucións, procurando buscar novas fontes de ingresos e a redución de gasto para unha mellor xestión.

Estes motivos conlevan a necesidade de incrementar o número de horas dedicadas a esta Entidade.



Entidade Local Menor de Bembridge

En canto a dedicación exclusiva do titular da Vocalía de Parques e Xardíns, Montes, Vías e Obras, vai continuar igual que o anterior mandato, con xornada completa, debido a necesidade de xestionar os traballos forestais, a coordinación dos empregados para a realización de ditos traballos no noso monte e no núcleo parroquial, así como as diferentes obras que se teñan que realizar.

Resaltar que en anteriores Xuntas Veciñais existiron variedade de dedicacións polo que consideramos que para unha correcta xestión de esta Entidade Menor, esta é a máis axeitada.

3.- Réxime:

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión desta Entidade Local Menor, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios/persoal laboral desta ELM.

A súa percepción é incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

No caso do membro da Entidade con dedicación exclusiva á Seguridade Social será pola xornada completa e por media xornada no caso de dedicación parcial.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Entidade Local Menor de Bembridge.

4.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables:

- Para a alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía: dende o día de recoñecemento de compatibilidade co exercicio da súa actividade privada apreciada pola Xunta Veciñal da ELM de Bembridge ou no caso de abandono da actividade privada, dende a comunicación do mesmo que conleva a non aplicación do réxime de incompatibilidades.

- Para o vocal de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: dende o 31 de agosto de 2023.

5.- Deixar constancia da obrigatoriedade dos membros da ELM de Bembridge de comunicar á mesma, no momento que se produza, calquera posible alteración da

Páxina 4 de 14



Entidade Local Menor de Bembrive

súa situación laboral, que puidese dar lugar a unha incompatibilidade, xa sexa no eido público ou privado, nos termos previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Entidade Local Menor de Bembrive e na sede electrónica desta Entidade Local de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa trascendencia, para os efectos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.”

No expediente consta Informe de Secretaría-Intervención de data 25.08.2023.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Patricia Otero Carrera – Alcaldesa-Pedánea – e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

O Sr. Vila Pereira pide a palabra para facer unha salvidade sobre este punto poñendo de manifesto que hai dúas dedicacións parciais e unha absoluta, que xa a teñen dende fai tempo, e que non din as horas que van a dedicar decindo as horas que van a estar aquí para atender aos veciños, non especificando que horario van a ter. O normal é que os veciños sepan que días van a estar ahí, igual que él fixo unha solicitude dunha sala para despois, unha vez que a condedan, poner unas horas para recibir a xente. En canto a capacidade económica da Entidade para asumir eses costes vea desproporcionada e abusiva pola súa parte. Levan sen contas dende o ano 2014, sen Orzamento, sen contas dende o 2018, a propia secretaria-interventora, no punto décimo segundo, fai mención que non existe crédito para asumir esas cantidades e no punto décimo terceiro, fai mención a que hai que tomar medidas urxentes de corrección senón a Entidade queda descapitalizada, non hai viabilidade para esa proposta, esa é a súa opinión.

A alcaldesa-pedánea non resposta ao Sr. Vila e pasa ao seguinte punto do orde do día.

3. Proposta sobre periodicidade das sesións da Xunta Veciñal.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data dezasete de agosto do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:



Entidade Local Menor de Bembridge

“Marco normativo:

O artigo 78 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que son sesións ordinarias aquelas con periodicidade preestablecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que convocará a Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación.

Pola súa parte, o art. 47 do real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido do Réxime Local, determina que as Corporacións Locais poderán establecer elas mesmas o seu réxime de sesións e que os días de reunións ordinarias serán fixados previamente por acordo da Corporación.

O art. 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción conferida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, establece que o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos municipios cunha poboación hasta 5.000 habitantes.

En consonancia coas necesidades de funcionamento desta Entidade Local, e de conformidade co disposto no artigo 38 do R.D. 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Proposta:

1.- Establecer o seguinte réxime de celebracións das sesións ordinarias:

- Periodicidade: mensual*
- Días: O último xoves de cada mes*
- Hora: 20:00.*

Con carácter xeral cando o día inicialmente previsto coincida en festivo a sesión trasládase ao día hábil inmediato posterior, á mesma hora. Excepcionalmente, mediante Resolución motivada e previa consulta co portavoz do distinto grupo político, a Presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida cando por razóns xustificadas non poida celebrarse a correspondente sesión ordinaria na data e hora indicada. O cambio de esta non implicará que a sesión non teña carácter ordinario.

2.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Entidade Local Menor de Bembridge e na sede electrónica desta



Entidade Local Menor de Bembridge

Entidade Local de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime oportuno.”

No expediente consta Informe de Secretaría-Intervención de data 25.08.2023.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

4. Proposta sobre indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación ás sesións da Xunta Veciñal.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data vinte e cinco de agosto do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“Marco normativo:

As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O artigo 75.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (dentro do capítulo dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, contén a regulación dos dereitos económicos) establecendo o seguinte: “Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación que formen parte.”

O artigo 75.5 da LRBRL dispón que: “As Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que faise referencia nos 4 números anteriores dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso...”

No mesmo senso, o artigo 75 bis. 3 da LRBRL sinala que: “Só os membros da Corporación Local que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.”



Entidade Local Menor de Bembrive

Así mesmo, cabe sinalar os apartados 5 e 6 do artigo 13 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, que determina o réxime respectivo das retribucións, indemnizacións e asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, que recolle que:

“5. Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aproba o Pleno corporativo.

6. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno da mesma. Con todo, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de Organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal.”

Por outra banda, o artigo 27 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo recolle as normas xerais sobre asistencias nos seguintes termos:

“1. Se entenderá por «asistencia» la indemnización reglamentaria que, de acuerdo con lo previsto en los artículos siguientes, proceda abonar por:

- a) Concorrencia a las reuniones de órganos colegiados de la Administración y de los organismos públicos y de consejos de administración de empresas con capital o control públicos.”*

Proposta:

1.- Asistencias: Por asistencia efectiva a cada sesión que celebre a Xunta Veciñal, os vocais que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán 450 euros brutos.

O límite máximo con dereito a percibir asistencias á Xunta Veciñal desta Entidade establécese en doce ao ano para cada corporativo.

Non se establecerán dereitos por asistencia ás sesións das Comisións Informativas.

2.- Dietas e gastos de viaxe: Para a realización de calquera clase de cometidos que impliquen gastos de viaxe ou dietas, establécense as mesmas dietas



Entidade Local Menor de Bembridge

que aos funcionarios públicos, conforme ao grupo 2 do Anexo I do R.D. 462/2002. Se inclúen os viaxes e desprazamentos que se realicen no termo municipal de Vigo.

En caso de circulación por autopista de peaxe ou aparcamentos indemnizarse o importe pagado contra a presentación dos xustificantes correspondentes.

3.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables dende o día de hoxe.

4.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Entidade Local Menor de Bembridge e na sede electrónica desta Entidade Local de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime oportuno”.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor dos membros presentes (Sra. Patricia Otero Carrera – Alcaldesa-Pedánea – e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e unha abstención (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

5. Proposta sobre creación, composición e funcionamento da Comisión Especial de Contas.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data dezaioito de agosto do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“Marco normativo:

O artigo 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A Alcaldesa-Pedánea é a Presidenta nata de todas elas; sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, á proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.*
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.*



Entidade Local Menor de Bembrive

- c) A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ó Alcalde, do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

Por outra parte, o artigo 127 do citado do Regulamento determina o seguinte:

1.- A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, según dispón o art. 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición, integración e funcionamento axústase ó establecido para as demais Comisións Informativas.

2.- Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de todas as contas presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

3.- Ben sexa a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da Entidade.

O artigo 134 do citado Regulamento de Organización dispón que as Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que establezca o Alcalde, ou o seu respectivo Presidente.

Proposta:

1.- Crear a Comisión Especial de Contas que estará formada polos seguintes vocais que a continuación se enumeran, sendo presididas pola Alcaldía-Pedanía e asistidos polo/a Secretario/a-Interventor/a:

- Patricia Otero Carrera (Alcaldesa-Pedánea)
- Antía González Fernández (PSG-PSOE)
- Eduardo Vila Pereira (PP)

2.- Esta Comisión Especial de Contas ten conferidas as atribucións previstas nos artigos 127.1 e 127.2 do ROF e demais normas que as complementen.

Se reunirán por convocatoria da Alcaldesa-Pedánea.

3.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Entidade Local Menor de Bembrive e na sede electrónica desta

Páxina 10 de 14



Entidade Local Menor de Bembrive

Entidade Local de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime oportuno”.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

O Sr. Vila Pereira fai mención de novo en regularizar as contas e poñerse ao día dende todos os atrasos que temos.

A alcaldesa-pedánea contesta que en iso están.

A secretaria-interventora toma a palabra para explicar que neste punto estase votando a creación da Comisión Especial de Contas que é un órgano de existencia preceptiva e hai que crealo.

O Sr. Vila Pereira insiste en que quere xustificar ahí todos os gastos innecesarios na Entidade que son abusivos e que niso van a traballar.

6. Dar conta dos Grupos Políticos constituídos, expte 36/2023.

Constituída en sesión plenaria da Xunta Veciñal de 14 de xullo de 2023 a ELM de Bembrive resultante das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023, procede constituir os grupos políticos e designar aos seus representantes.

Conforme ao disposto no artigo 24 do ROF no prazo de 5 días hábiles contados a partir da sesión constitutiva da Corporación, deberá presentar ante a Secretaría municipal escrito dirixido a Presidenta da Corporación no que se constitúan os distintos grupos, en atención ao disposto no artigo 23 do ROF que sinala que os membros das Corporacións Locais, a efectos da súa actuación corporativa, se constituirán en grupos.

O escrito deberá estar subscrito por todos os integrantes do grupo e deberá designarse portavoz.

Mediante escrito presentado no rexistro de entrada con número 269 (RE 269) con data 21.07.2023, a voceira do PSOE-PSdeG, D^a Patricia Otero Carrera, manifesta que se constitúe en grupo político quedando integrado por D^a Patricia Otero Carrera, D^a Antía González Fernández, D. José González Domínguez e D. Manuel



Entidade Local Menor de Bembridge

Costas Costas, designando como voceira a D^a Patricia Otero Carrera e como suplentes os mesmos membros citados na orde establecida.

Mediante escrito presentado no rexistro de entrada con número 184 (E-RE 184) con data 21.07.2023, o vocal do Partido Popular (PP), D. Eduardo Vila Pereira, manifesta que se constitúe en grupo político, quen asumirá as funcións de portavoz do mesmo.

De conformidade ao anteriormente exposto, dase conta á Xunta Veciñal da ELM de Bembridge de que esta queda integrada polo grupo político Partido Socialista Obrero Español e polo grupo do Partido Popular, coa composición antes sinalada e coa fixación dos portavoces e suplencias xa manifestadas.

7. Dar conta das resolucións da Alcaldía-Pedanía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde e delegacións de Alcaldía-Pedanía.

Pola Presidencia dase conta do seguinte decreto dictado pola mesma o 18.08.2023:

“De conformidade co disposto no art. 21.3 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, e os art. 43, 44 e 46 do R.D. 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Nomear como Tenente de Alcaldía-Pedanía á vocal desta Entidade:*

D^a ANTÍA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.

Correspóndelle á Tenente de Alcaldía, en canto tal, substituír na totalidade das súas funcións a Alcaldesa-Pedánea nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcaldía-Pedanía no suposto de vacante ata que tome posesión o novo.

SEGUNDO.- *Delegar a favor da Tenente de Alcaldía nomeada as funcións de dirección, xestión e proposta, reservándose a Alcaldía as facultades de resolución de expedientes e de realización de actos que afecten a terceiros, nas materias seguintes: **SERVIZOS DE EDUCACIÓN, IGUALDADE, XUVENTUDE, TURISMO E BENESTAR SOCIAL.***

Ámbito e facultades: A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e

Páxina 12 de 14



Entidade Local Menor de Bembridge

deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos desta Entidade Local Menor que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Actividades complementarias en materia de ensino.
- Actividades en materia de igualdade e voluntariado.
- Información e promoción turística da parroquia.
- A realización de programas e actividades destinados ás persoas xóvenes e maiores.

TERCEIRO.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e de dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándolle persoalmente á afectada para a súa aceptación.”
Pola Presidencia dase conta do seguinte decreto dictado pola mesma o 18.08.2023:

“Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Efectuar as delegacións especiais que a continuación se indican, nos vocais que se relacionan:

1.1.- Servizo: **PARQUES E XARDÍNS, MONTES, VÍAS E OBRAS E SERVIZOS.**

1.2.- Vocal: **JOSÉ GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ.**

1.3.- **Ámbito e facultades:** A delegación comprende, a excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos desta Entidade Local Menor que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Infraestrutura viaria de titularidade desta Entidade Local.
- Obras da súa competencia.
- Parques e xardíns, limpeza viaria.
- Xestión dos montes de utilidade pública e outros de titularidade da Entidade, en especial aproveitamentos madeireiros e outros, traballos forestais e silvícolas, protección, conservación e valorización do monte público.

2.1.- Servizo: **FONTES E LAVADOIROS, SANIDADE E MEDIO AMBIENTE.**

2.2.- Vocal: **MANUEL COSTAS COSTAS.**

2.3.- **Ámbito e facultades:** A delegación comprende, a excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos desta Entidade Local Menor que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

- Medio ambiente e actuacións contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica.
- Promoción e defensa do territorio e bens veciñais, especialmente con actuacións encamiñadas a reducir o risco de incendios.
- Xestión, mantemento e conservación de lavadoiros e fontes.

SEGUNDO.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e de dar conta ao Pleno na primeira que celebre, notificándolle persoalmente aos afectados para a súa aceptación.”

E non tendo outros asuntos a tratar, a Alcaldesa-Pedánea levanta a sesión sendo as 11.29 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea

Asdo. Patricia Otero Carrera



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis